**RESOLUCIÓN SOBRE A CONCESIÓN DE PRÓRROGAS INDIVIDUAIS A EXPEDIENTES CORRESPONDENTES ÁS SUBMEDIDAS 19.2 E 19.4B DA MEDIDA (LEADER) DO PDR DE GALICIA 2014-2020**

**ANUALIDADE 2020**

## I.- Antecedentes

- Ao longo do ano 2020, a persoa titular da Dirección Xeral da Agader emitiu resolucións de concesión de axuda (submedidas 19.2 e 19.4B) nas que figuraba, por regra xeral, un prazo máximo de execución e xustificación dos proxectos de ata o 15 de outubro de 2020 para os gastos correspondentes a esta anualidade, de conformidade co previsto no calendario de xestión da medida 19 (Leader) do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR de Galicia 2014-2020).

- Mediante a resolución do 6 de outubro de 2020, a directora xeral da Agader ampliou o prazo máximo de execución e xustificación, para os gastos correspondentes á anualidade 2020 e en relación a todas as resolucións xa emitidas, ata o 30 de outubro de 2020. Por outra parte, as resolucións de concesión de axuda emitidas con posterioridade á citada resolución da directora xeral da Agader do 6 de outubro de 2020, emitíronse xa coa nova data máxima de execución e xustificación: 30 de outubro de 2020 para os gastos correspondentes á anualidade 2020.

- Ao longo do mes de outubro deste ano 2020, teñen entrada no rexistro xeral da Agader un número significativo de solicitudes de promotores para a ampliación do prazo de execución e para a presentación da documentación xustificativa correspondente aos gastos da anualidade 2020 que exceden do límite máximo (30 de outubro de 2020) establecido con carácter xeral na Resolución da directora xeral da Agader do 6 de outubro de 2020.

- As solicitudes de prórroga recibidas en Agader figuran no anexo I deste informe. Neste anexo I consta o número de expediente, título, promotor e xustificación alegada para a solicitude de ampliación de prazo.

## II.- Fundamentos legais e técnicos

No PDR de Galicia 2014-2020 prevese que a Agader xestione a medida 19 (Leader) e, dentro dela, as submedidas 19. 2 (apoio á implementación de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR) e 19.4B (animación e promoción territorial).

CVE: tt2fJ0Kez0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Neste senso, a Agader materializou a xestión das submedidas 19.2 e 19.4B a través dos seguintes instrumentos:

- Acordo do 13 de decembro de 2019, publicado mediante a Resolución do 13 de decembro de 2019, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR) (código de procedemento MR701D) e DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2019.

- Resolución do 18 de decembro de 2019 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2020 e 2021, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (DOG núm. 247, do 30 de decembro de 2019).

- Resolucións do director xeral da Agader, do 4/05/2020 pola que se lle autorizaron aos GDR, os gastos correntes ou de funcionamento (submedida 19.4A) e pola que se lles autorizaron os importes máximos para gastos de animación (submedida 19.4B), con cargo á anualidade 2020.

O artigo 34.1 c) e d) destas bases reguladoras (Réxime de Axudas da media Leader do PDR de Galicia 2014-2020) veñen a establecer, no ámbito do calendario de xestión da medida, que a data final, tanto de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables polos promotores aos seus provedores, como de xustificación de investimentos e o 15 de outubro de cada ano.

Non obstante, o punto 2 do citado artigo 34 establece a posibilidade de que "a persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en previsión dunha ordenada xestión, execución e peche da medida Leader do PDR, poida variar as datas sinaladas, así como fixar outras para axeitar o ritmo de execución de proxectos á proximidade das datas límites sinaladas".

Esta resolución non prexudica a terceiros e non é restritiva nin de dereitos individuais nin colectivos, polo que a súa aplicación de xeito retroactivo ás resolucións de concesión de axuda que xa foran emitidas e notificadas aos interesados antes da data da emisión da presente resolución, non presenta inconveniente.

Tendo en conta:

- Que a pandemia de covid-19 e as conseguintes restricións derivadas da crise sanitaria e da declaración do estado de alarma afectaron de xeito moi negativo ao ritmo das verificacións dos informes control de elixibilidade (ICES) por parte da Subdirección de Relacións cos GDR e á data na que foi posible emitir as resolucións de concesión de axuda e sobre todo ao ritmo de execución dun gran número de proxectos, e coa finalidade de facilitar unha execución o máis eficiente posible da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020,

CVE: tt2fJ0Kez0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Que á data de hoxe aínda non finalizou o prazo de execución e xustificación de ningún dos proxectos que no citado anexo I se sinalan, as alegacións dos promotores xustifican a concesión das prórrogas que solicitan, estas non exceden da metade do prazo inicial de execución de xustificación e con elas non se prexudican dereitos de terceiros. Polo tanto, cúmprense as condicións do artigo 32 da citada Lei 39/2015 para a prórroga de que se trata.

En consecuencia,

**PROPOÑO,** en relación ás resolucións de concesión de axuda emitidas durante a anualidade 2020 correspondente aos proxectos sinalados nos anexos I, II e III desta resolución  e que se tramitan no marco das submedidas 19. 2 (apoio á implementación de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR) e 19.4B (animación e promoción territorial) do citado PDR e unicamente para a anualidade 2020:

1. Modificar as datas finais, tanto de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables polos promotores aos seus provedores, como de xustificación de investimentos, se ben unicamente para a anualidade 2020; de xeito que as citadas datas finais, tanto de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables polos promotores aos seus provedores como de xustificación de investimentos sexan as que se indican para cada expediente nos citados anexos.

A modificación das datas finais indicadas nos parágrafos anteriores suporá á súa vez a modificación das resolucións individuais emitidas, durante a anualidade 2020, no ámbito das submedidas 19.2 (apoio á implementación de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR) e 19.4B (animación e promoción territorial), correspondentes á medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020 no que respecta ao prazo máximo de execución e xustificación dos gastos correspondentes á anualidade 2020, manténdose, no seu caso, o prazo máximo que establezan ditas resolucións para a execución e xustificación dos gastos correspondentes á anualidade 2021.

2. Notificar esta resolución  aos interesados e aos GDR inmediatamente e darlle publicidade no taboleiro e na páxina web de Agader.

CVE: tt2fJ0Kez0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

# ANEXO I (prazo 15 de novembro de 2020)

| GDR | *Nº expediente* | *Titulo* | *Promotor* | *Prazo final de execución e xustificación* | *MOTIVACIÓN* |
|---|---|---|---|---|---|
| **Miño Ulla** | L20 1920 05 0180 | ADQUISICION E ACONDICIONAMENTO NAVE USO ALMACEN DE MATERIAL PARA ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS, ASAMBLEA | Rosana López López | 15/11/2020 | Consecuencias da pandemia de Covid 19 |
| **Sil Bibei** | L20 1920 08 0124 | ALCOBAS DEL SIL ECOTURISMO S.L. | ALCOBAS DEL SIL ECOTURISMO S.L. | 15/11/2020 | Falta de tempo para a presentación do aval bancario |
| **Monteval** | L20 1920 09 0133 | CONSTRUCCIÓN DE UNA PENSIÓN DE 1 ESTRELLA | Franco Basalo, S.L | 15/11/2020 | Falta de tempo para a presentación do aval bancario |
| **Adercou** | L20 1920 11 0136 | Residencia-Geriatrico Os Peares | SOTO Y CID SL | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1920 12 0098 | Casa Rural " Caneiron" | Cacheiro y Gil , S.L | 15/11/2020 | Falta de tempo para a presentación do aval bancario |
| **Pontevedra Morrazo** | L20 1920 15 0090 | Creación de Fogar Residencial (Berducido) | O Cruceiro, S.C. | 15/11/2020 | Falta de tempo para a presentación do aval bancario |
| | L20 1920 15 0092 | Ampliación e modernización de empresa de distrubición de productos alimenticio | DELICIAS DEL NORTE SL | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1920 15 0093 | Creación de aula de novas tecnoloxías e multimedia de Cerdedo | Concello Cerdedo Cotobade | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1920 15 0099 | Creación dunha empresa de educación ambiental | María Luz Gómez Señoráns | 15/11/2020 | Falta de tempo para a presentación do aval bancario |

CVE: tt2fJ0Kez0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Pontevedra Norte** | L20 1920 16 0170 | Formación Sicted 2020 | Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra Norte | 15/11/2020 | Consecuencias da pandemia de Covid 19 |
| | L20 1920 16 0146 | Posta en valor turístico Castro de San Paio | Concello de Vila de Cruces | 15/11/2020 | Falta de liquidez para a contratación do gasto |
| | L20 1940 16 B171 | Dinamización Pontevedra Norte 2020 | Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra Norte | 15/11/2020 | Consecuencias da pandemia de Covid 19 |
| **Deloa** | L19 1920 18 0086 | Rehabilitación Igrexa de San Xián de Tarás | Asociación de Veciños da Parroquia de San Xián de Tarás | 15/11/2020 | Consecuencias da pandemia de Covid 19 |
| | L20 1920 18 0102 | CENTRO DE COWORKING E PARA O EMPRENDEMENTO DO CONCELLO DE OUTES | CONCELLO DE OUTES | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1920 18 0103 | ALOXAMENTO RURAL "ALDEA MIRAFLORES" | Mª del Rosario Candamo Fernández | 15/11/2020 | Falta de tempo para a presentación do aval bancario |
| **Terras de Compostela** | L20 1940 19 B098 | Promoción e valorización de sabores e riquezas do territorio de Terras de Compostela ( Fase I ) | Asociación Terras de Compostela | 15/11/2020 | Falta de liquidez e consecuencias da pandemia de Covid19 |
| | L20 1920 19 0099 | Plan de Formación: Calidad turística en Destino ( Fase II) | Asociación Terras de Compostela | 15/11/2020 | Falta de liquidez e consecuencias da pandemia de Covid19 |
| | L20 1920 19 0102 | PROGRAMA INTEGRAL DE EMPREGO EXPLOTACIÓN AGRICOLA EN MARROZOS | Entrelampo | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1920 19 0107 | Plan de formación: iniciación a conservación e transformación de productos da terra | Asociación Terras de Compostela | 15/11/2020 | Falta de liquidez e consecuencias da pandemia de Covid19 |
| **Costa da Morte** | L20-1920-22-0117 | Recuperación e consolidación do Muiño de Pedra Vixía | Asociación de Veciños Tabeirón de Baio | 15/11/2020 | Atraso na obtención dos permisos e licenzas preceptivos para o proxecto |
| | L19 1940 22 B108 | Impulsando a marca " Costa da Morte Terras Atlántica" | Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte | 15/11/2020 | Consecuencias da pandemia de Covid 19 |

CVE: tt2fJ0Kez0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | L19 1940 22 B109 | Xornadas de Promoción e sensibilización - Comedores escolares saudables e sostibles con circuitos curtos de comercialización | Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte | 15/11/2020 | Consecuencias da pandemia de Covid 19 |
| **Mariñas Betanzos** | L19 1920 23 0152 | CENTRO DE PROCESADO DE LÚPULO GALEGO | Lúpulo tecnologia de Galicia Sociedade Cooperativa Galega | 15/11/2020 | Atraso na obtención dos permisos e licenzas preceptivos para o proxecto |
| | L19 1920 23 0156 | Creación de aloxamentos turísticos en Abegondo | Isabel González García | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1920 23 0171 | Desarrollo de un sistema sostenible de producción ecológica de tomates locales y verduras asiáticas | Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1920 23 0173 | MELLORA DAS CAPACIDADES DOS AXENTES LOCAIS LIGADOS AO ECOTURISMO SOBRE OS RECURSOS MEDIOAMBIENTAIS | Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1920 23 0178 | FORMACIÓN PARA A MELLORA DA CALIDADE E COMPETITIVIDADE TURÍSTICA EN ALOXAMENTOS E RESTAURANTES | Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1920 23 0179 | FORMACIÓN PARA A MELLORA DA CALIDADE E COMPETITIVIDADE TURÍSTICA NO EIDO DO AGROTURISMO E TURISMO INDUSTRIAL | Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1920 23 0191 | Xornada difusión produtos locais na gastronom | Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1940 23 B176 | Comunicación, promoción, e difusión dos produtos turísticos da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas | Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1940 23 B177 | DESEÑO E CREACIÓN DE ESPAZO WEB DE ECOTURISMO | Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |

CVE: tt2fJ0Kez0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | L20 1940 23 B180 | Actuacións para a promoción do Ecoturismo | Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1940 23 B182 | Promoción de novos produtos turísticos culturais e de natureza no territorio de "Mariñas Betanzos" | Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1940 23 B183 | Estudo de análise da demanda e oferta turística no territorio de "Mariñas Betanzos" | Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1940 23 B184 | Estudo para o deseño e posta en marcha de produtos turísticos tras a crise do Covid -19 | Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1940 23 B185 | Campaña de difusión dos produtos alimentarios de " Mariñas Betanzos": Receitas da Biosfera | Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1940 23 B186 | MATERIAL DIVULGATIVO PARA A PROMOCIÓN DOS PRODUTOS E SERVIZOS DO TERRITORIO DE "MARIÑAS-BETANZOS" | Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1940 23 B187 | ESTUDO PARA O DESENVOLVEMENTO DE CONTIDOS DE PAQUETES, TEMATIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO EXPERIENCIAS DE ECOTURISMO | Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1940 23 B188 | DESENVOLVEMENTO DE MATERIAL PROMOCIONAL PARA A REDE DE CENTROS DE INTERPRETACIÓN DO TERRITORIO DE MARIÑAS-BETANZOS | Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1940 23 B189 | CAMPAÑA PROMOCIONAL DO TERRITORIO DE MARIÑAS-BETANZOS: "ESCAPADAS Á BIOSFERA E MATERIAIS AUDIOVISUAIS" | Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos | 15/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |

CVE: tt2fJ0Kez0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

# ANEXO II (prazo 30 de novembro de 2020)

| *GDR* | *Nº expediente* | *Titulo* | *Promotor* | *Prazo final de execución e xustificación* | *MOTIVACIÓN* |
|---|---|---|---|---|---|
| ***Terra Chá*** | L20 1920 02 0127 | ADQUISICION E ACONDICIONAMENTO DE NAVE PARA DISTRIBUCION DE EQUIPOS DE ORDEÑO ROBOTIZADOS | Mantenimiento Técnico Lucense SL | 30/11/2020 | Atraso na obtención dos preceptivos permisos e licenzas |
| | L20 1920 02 0132 | Centro de lavado y deseinfección de cisternas y vehículos - Lagostelle (Guitiriz 2020 | Sande Bouza, S.L. | 30/11/2020 | Atraso na inscripción no rexistro da propiedade |
| ***Comarca de Lugo*** | L20 1920 04 0113 | CONSTRUCCIÓN Y PUESTA EN MARCHA DE CARPINTERÍA METÁLICA | METALURGICAS FRIOL, S.L. | 30/11/2020 | Consecuencias da pandemia de Covid 19 |
| ***Ribeira Sacra Lucense*** | L20 1920 06 0223 | Humanización de espazos públicos urbanos de Quiroga ( praza Lago e Praza de San Martiño) | Concello de Quiroga | 30/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| ***Sil Bibei Navea*** | L20 1920 08 0131 | Restauración de edificación en Pradoalbar-Vilariño de Conso para Ecoturismo e uso como albergue de montaña | Pedro José Alonso Iglesias | 30/11/2020 | Atraso por tramitación da subrogación |

CVE: tt2fJ0Kez0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ***Salnés Ulla Umia*** | L20 1920 17 0131 | Elaboración de queixo baixo en grasa con alto contenido proteico | CENTRAL LECHERA GALLEGA, SA | 30/11/2020 | Consecuencias da pandemia de Covid 19 |
| ***Ulla Tambre Mandeo*** | L20 1920 20 0128 | Acondicionamento do Parque Infantil entorno pista multideporte, A Fraga, Vilasantar ( A Coruña ) | Concello de Vilasantar | 30/11/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| ***Asdecomor*** | L20 1940 21 B087 | Proxecto educativo para a promoción da igualdade e prevención da violencia " Murmurios de Silencio" | Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes | 30/11/2020 | Consecuencias da pandemia de Covid 19 |

CVE: tt2fJ0Kez0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## ANEXO III (prazo 30 de decembro de 2020)

| GDR | Nº expediente | Titulo | Promotor | Prazo final de execución e xustificación | MOTIVACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| **Terras de Miranda** | L20 1940 01 B155 | IMPULSO DO PRODUTO DE TURISMO RURAL E DA OFERTA TURÍSTICA DE TERRAS DE MIRANDA. TURISMO DE LUGO | Asociación Terras de Miranda | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1940 01 B156 | Estudo dunha plataforma de comercialización para o comercio local e produtos agroalimentarios da mar | Asociación Terras de Miranda | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1940 01 B157 | Accións de promoción e divulgación das accións do GDR-01 dentro do Programa Leader | Asociación Terras de Miranda | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| **Terra Chá** | L20 1920 02 0125 | Construcción de parques biosaudables nas parroquias de San Xiao de Mos e Pacios | Concello de Castro de Rei | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |

CVE: tt2fJ0Kez0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | L20 1920 02 0134 | Ampliación instalacións e maquinaria para centro autorizado tratamento de vehículos | Grupo Automoción As Granxas, S.L. | 30/12/2020 | Atraso na obtención de licenzas/permisos |
| ***Miño Ulla*** | L20 1920 05 0176 | REHABILITACIÓN DE CONSTRUCCIÓN TRADICIONAL EN A HERMIDA | María Lucía Blanco Rodríguez | 30/12/2020 | Consecuencias da pandemia de Covid 19 |
| | L20 1920 07 0098 | Recuperación de dos adegas tradicionais servizos turísticos complementarios | VALAR INVERSIONES, SLU | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| ***Valdeorras*** | L20 1920 07 0099 | Apartamentos turísticos en Tremiña | Xtudio Networks SLU | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1920 07 0103 | Albergue montañas de Trevinca | Jorge Murias Pérez | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1920 07 0107 | Aloxamento A Pontevella | Soraya Docampo García | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1920 07 0110 | Queisería | José Enrique Sánchez Moreno | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1920 07 0111 | Recuperación de dúas adegas tradicionais: local para elaboración de viño | VALAR INVERSIONES, SLU | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |

CVE: tt2fJ0Kez0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ***Sil Bibei Navea*** | L20 1920 08 0130 | Proxecto Banda ancha ultrarrápida no territorio de actuación do GDR Sil- Bibei-Navea | Concello de Castro Caldelas | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| ***Monteval*** | L20 1920 09 0130 | Espazo de ocio e mobiliario urbán en Erosa | Asociación Rural de Veciños de Erosa | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1920 09 0132 | Acondicionamento da Capela en Pedroso | Asociación de Veciños de Pedroso | 30/12/2020 | Consecuencias da pandemia de Covid 19 |
| ***Adercou*** | L20 1920 11 0144 | Senda de actividades e zona de limpeza | Concello de A Peroxa | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| ***Carballiño Ribeiro*** | L20 1920 12 0097 | Proxecto de ampliación e mellora de Adega artesanal ecolóxica | Cume do Avia SCG | 30/12/2020 | Dificultade no compromiso de emprego |
| ***Pontevedra Norte*** | L19 1920 16 0107 | Restauración da Ponte dos Cabalos e recuperación do Camiño Real | Concello de Lalín | 30/12/2020 | Pendente de acadar as autorización e permisos pertinentes |
| | L20 1920 16 0156 | SONDAXES ARQUEOLÓXICAS VALORATIVAS NO CASTRO DE GARELLAS/RODEIRAS (MILLERADA-FORCAREI) PARA PRODUTO TURISTICO | Concello de Forcarei | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1920 16 0152 | POSTA EN VALOR DO CASTRO DA GOLETA | Concello de Lalín | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |

CVE: tt2fJ0Kez0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ***Ulla Tambre Mandeo*** | L20 1920 20 0121 | Desenvolvemento de aplicación para dispositivos móbiles | Concello de Touro | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L20 1920 20 0116 | Inversión en unha empacadora de Big Bales, unha encaixadora de sacos e unha planta de tratamento de augas | Costiña Orgánica S.L | 30/12/2020 | Consecuencias da pandemia de Covid 19 |
| ***Costa da Morte*** | L18 1920 22 0071 | Modernización empresa obras e servizos | Movimientos Santa Cristina S.L | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| | L19 1920 22 0088 | Proxecto para a modernización , ampliación e melloras tecnolóxicas | Agromascotas Bergantiños, S.L | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| ***Mariñas Betanzos*** | L20 1920 23 0160 | Contrucción de Paso de Lontras no Encoro de Abegondo-Cecebre | Concello de Cambre | 30/12/2020 | Atraso na obtención de licenzas |
| | L20 1920 23 0164 | Centro de recepción de visitantes da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo | Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos | 30/12/2020 | Atraso no procedemento de contratación |
| | L20 1940 23 B190 | Sinalización entrada no territorio Reserva da Biosfera do GDR23 | Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |
| ***Seitura 22*** | L20 1920 24 0141 | Adquisición de autobús | Concello de Monfero | 30/12/2020 | Atraso na execución do proxecto |

CVE: tt2fJ0Kez0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Santiago de Compostela,
O subdirector de Relacións cos GDRs
Por suplencia (Resolución do 04/02/2020)
O subdirector de Mobilidade de Terras
Asdo.: Alejandro Sánchez de Dios
(sinatura electrónica)

Tendo en conta o exposto, **RESOLVO aprobar a proposta do subdirector** de Relacións cos GDRs nos seus propios termos

Santiago de Compostela

O Consello de Dirección de Agader
(P.D: Acordo do 13/12/2019)
A directora xeral da Agader
(asinado electronicamente)
Inés Santé Riveira

**Asinado por:** SANCHEZ DIOS, ALEJANDRO IGNACIO
**Cargo:** Subdirector
**Data e hora:** 28/10/2020 20:20:57

**Asinado por:** SANTE RIVEIRA, INES
**Cargo:** Directora Xeral
**Data e hora:** 28/10/2020 20:27:42

CVE: tt2fJ0Kez0
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve